

ANEXO III

Concesión de crédito extraordinario

ORGANISMO 109: MUSEO NACIONAL DE EL PRADO

Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Programa 453.A Concepto 297	«Museos». Indeminzacións por razón do servizo: 01. Locomoción ...	 770.117
Total		770.117

Financiamento do crédito extraordinario

Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 87 Concepto 870	Remanente de tesou- rería. Remanente de tesou- rería	 770.117
Total		770.117

14067 *LEI 18/1998, do 15 de xuño, de modificación parcial da Lei 36/1994, do 23 de decembro, relativa á restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro da Unión Europea. («BOE» 143, de 16-6-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a
seguinte lei.

A Lei 36/1994, do 23 de decembro, incorporou ó ordenamento xurídico español a Directiva 93/7/CEE, do Consello, do 15 de marzo, relativa á restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro da Unión Europea.

A presente lei vén modificar de forma parcial a citada Lei 36/1994, do 23 de decembro, ó incorporar, así mesmo, a Directiva 96/100/CEE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de febreiro de 1997, que modifica pola súa vez o anexo da Directiva 93/7/CEE.

Segundo as diferentes tradicións artísticas na Comunidade, os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis considéranse ou ben pinturas, ou ben debuxos.

A categoría 4.^a de bens culturais, recollida no artigo 1.1.b) A da Lei 36/1994, do 23 de decembro, inclúe

os debuxos feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e con calquera material. Pola súa vez, a categoría 3.^a inclúe os cadros e pinturas feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e con calquera material.

Pola súa banda, o apartado B do citado artigo, ó regular os valores mínimos aplicables ás categorías incluídas no apartado A, outórgalles diferentes valores ás ditas dúas categorías de bens culturais, o cal pode dar lugar a importantes diferencias de trato no marco do mercado interior, para os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis, segundo o Estado membro no que se atopen.

Todo isto fai preciso, para efectos prácticos, decidir en qué categoría deben incluírse os citados bens culturais, para garantir unha aplicación uniforme dos valores mínimos en toda a Comunidade.

A experiencia pon de manifesto que os prezos dos cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis son máis elevados cós dos debuxos, pero claramente inferiores ós das pinturas ó óleo ou á témpora, polo que convén clasificar os cadros realizados con acuarelas, augadas e pasteis nunha nova categoría distinta cun valor mínimo de 30.000 ecus, co que se garantiría que as obras máis importantes que saísen de forma ilegal do territorio dun Estado membro poidan restituírse.

A presente disposición vén incorporar ó dereito interno o contido da Directiva, mediante a modificación do artigo 1, número 1, letra b), da Lei 36/1994, do 23 de decembro, nos seus apartados A e B, dando outro contido á definición da categoría 3.^a de bens culturais, coa inclusión dunha nova como 3.^a bis, e engadíndolle outro valor mínimo de aplicación a esta última, ós xa existentes.

Artigo primeiro.

Modifícase o apartado A da letra b) do número 1 do artigo 1 da Lei 36/1994, do 23 de decembro, nos seguintes termos:

1. A categoría 3.^a do apartado A do epígrafe 1.b) queda redactada como segue:

«3.^a Cadros e pinturas, distintos dos comprendidos nas categorías 3.^a bis ou 4.^a, feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e de calquera material.»

2. Engádese no apartado A a categoría seguinte:
«3.^a bis. Acuarelas, augadas e pasteis feitos totalmente á man, sobre calquera tipo de soporte.»

3. A categoría 4.^a queda redactada como segue:
«4.^a Mosaicos, distintos dos comprendidos nas categorías 1.^a ou 2.^a, realizados totalmente á man, de calquera material, e debuxos feitos totalmente á man sobre calquera tipo de soporte e de calquera material.»

Artigo segundo.

No apartado B da letra b) do número 1 do artigo 1 da Lei 36/1994, do 23 de decembro, engádese o valor mínimo e categoría seguinte:

«30.000.

3.^a bis (acuarelas, augadas e pasteis).»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ